



**PLAN DE CONTINXENCIA COVID-19**  
**CEIP PLURILINGÜE MONTE DOS POSTES**

O Plan de Continxencia do CEIP Plurilingüe Monte dos Postes ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.

### **ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ N DUN ABROCHO**

1. Non asistirán ao centro aquelas/es estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aquelas/es que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID- 19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.
2. Diante dun suposto no que un/ha estudante, un/ha docente ou outro profesional se sospeite que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o presente plan de continxencia COVID e levarase a un espazo separado de uso individual, colocaráse unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado.
3. Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O traballador que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.
4. No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de COVID nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 contactará coa Xefatura Territorial de Sanidade para comunicarllo. Será a propia Xefatura Territorial de Sanidade quen investigará os contactos que existan dentro do centro e os identificará, enviando a listaxe de contactos á Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Estas terán a consideración de contactos estreitos dun caso de Covid-19 e deberán estar en corentena no seu domicilio durante o período que sinale a xefatura de sanidade.
5. A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houberse cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.

6. Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguíranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada abrocho.
7. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.
8. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade con seguintes supostos:
  - A aparición dun único caso confirmado nunha aula poderá supoñer a entrada en corentena da totalidade do grupo que conforma a aula e todo o profesorado asignado a ese grupo.
  - Cando exista unha detección de 3 casos positivos confirmados nos últimos 7 días poderase acordar a medida do peche do nivel educativo completo onde xurdira o abrocho ou, de ser o caso, da totalidade do centro educativo.
9. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto próximo.
10. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

## ACTUACIONES PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

1. O mesmo día do peche a dirección do centro enviará unha comunicación a través de correo electrónico e publicará unha nova na web do centro.
2. O mesmo día do peche o profesorado habilitará na aula virtual do centro os recursos e as actividades iniciais de infantil a 4º de Educación Primaria, e por E-Dixgal de 5º a 6º, e trasladará orientación ás familias. Estes recursos poderán remitirse aos libros de texto, a fichas específicas e a actividades en liña, entre outros.
3. Cando un/unha docente do centro se atope de baixa no confinamento ou peche, o outro docente do mesmo nivel co apoio da persoa Coordinadora TIC /EDIXGAL porá a disposición do alumnado e as familias que corresponda o banco inicial de actividades para que o alumnado non vexa interrompido o seu proceso educativo ata a incorporación do docente ou a súa substitución.
4. O mesmo día do peche os equipos directivos afrontarán cos seus propios recursos tecnolóxicos as necesidades TIC máis perentorias do centro. Esta primeira intervención será apoiada polos equipos do CFR baixo a coordinación da xefatura territorial.
5. Unha vez atendidas as necesidades iniciais a dirección do centro trasladará aos servizos centrais as necesidades priorizadas de equipos que quedaran sen cubrir e que non poderán ser superiores ás necesidades declaradas na enquisa inicial a través das xefaturas territoriais. Adoptaranse criterios unificados que dependerán da extensión e alcance do peche e, polo tanto, das necesidades en cada momento.
6. Todas as familias que reciban equipamento público (tanto do centro coma do CFR ou de servizos centrais) deberán asinar un compromiso de cesión responsabilizándose do dito material segundo o modelo que se entregará.
7. O material de servizos centrais asignarase priorizando os cursos superiores, as necesidades en todo Galicia a nivel global e a orde de necesidades específica trasladada polo centro.
8. O material de servizos centrais será repartido coa máxima celeridade.
9. Unha vez superada a situación de confinamento ou peche o centro educativo, no

prazo máximo de 3 días deberá recoller todos os equipos cedidos para o seu traslado a servizos centrais coa máxima dilixencia.

10. Durante o tempo de peche ou confinamento o profesorado poderá atender as súas funcións lectivas e organizativas desde o seu domicilio, nos termos establecidos na normativa vixente. No caso de non serlle posible o desenvolvemento das súas tarefas por falta de medios materiais como ordenador ou conexión, deberá desprazarse ao centro educativo para completar as súas tarefas dado o seu carácter de persoal esencial, nos termos establecidos pola normativa vixente.

11. A persoa que exerza a asesoría Abalar de zona, así como o persoal do CFR, prestará a súa atención ao profesorado en materia de recursos educativos e xestión TIC.

12. Cando foran repartidos todos os equipamentos necesarios e dispoñibles ás familias, organizarase unha reunión virtual nun horario que facilite a asistencia das familias, no que se fará un repaso polo funcionamento da aula virtual e se resolverán dúbidas das familias. Esta reunión poderá estar apoiada polo CFR ou pola asesoría ABALAR. Nunha mesma reunión poderá coincidir máis dun centro educativo. Farase unha reunión diferenciada para o alumnado de 2º EP e cursos inferiores, dado que a súa atención non se basea na aula virtual. Terase en conta a capacidade máxima de participantes nas aplicacións aportadas pola Consellería para videoconferencias e, polo tanto, realizaranse tantas convocatorias como sexan necesarias.

13. Recálcase que, con carácter xeral e, desde logo durante a situación de confinamento, para garantir a coherencia, operatividade e xestión de datos persoais, non será posible a utilización de ferramentas non corporativas. Todos os servizos dispoñibles poden atoparse en :

<https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/espazo/servizos-dixitais>

14. O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo propio profesor o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o profesora poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

15. Os/As titores/as do centro identificarán ao alumnado que teñan dificultades de conexión ou falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos. Darán coñecemento diso á Dirección do centro.

16. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

17. Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

- a) Establecer un modelo de **Aula Virtual** común para todo o profesorado, encargaranse de facelo compoñentes do Equipo das TIC. A aula virtual do centro será utilizada por todo o alumnado, agás o alumnado de 5º e 6º que utiliza a plataforma Edixgal. Se algún profesor ou profesora complementa esta ferramenta con outra/s farao constar na súa programación.
- b) **Entregar traballo** e corrixir os citados traballos, e **solucionar as dúbidas** que se xeren.
- c) **Comunicación estreita coas familias e co alumnado**, para seguir de cerca a evolución, estar ao día das dúbidas ou problemas que poidan xurdir. Tentar chegar a todas e todos os alumnos, con todos os medios ao alcance.
- d) **No caso de non poder contactar** con algún/algunha alumno/a, poñelo en coñecemento do/da titor/titora ou da Dirección, para **tentar buscar unha solución**.
- e) Utilización dunha plataforma para comunicación e para impartir de clases por videoconferencia. O curso pasado a Consellería facilitou o uso da plataforma **Webex**. Estableceranse horarios para evitar solapamentos por parte do profesorado. Utilizaremos a que se nos indique e se temos posibilidade de utilizar as dúas decidiremos cal é a máis axeitada para familias, alumnado e profesorado (boa conexión, método intuitivo que facilite o uso por parte do alumnado, seguridade ...).

## **MEDIDAS PARA O REINICO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL**

Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase o proceso de reactivación. Sen prexuízo das medidas xenéricas establecidas no protocolo aprobado polas Consellerías de Educación e Sanidade

o centro ten previsto seguir as fases de incorporación que indique a autoridade sanitaria.

**HORARIOS**

**ESPELLO**



### HORARIO DA TITORA: Cristina Pérez Bravo (3º A)

HORA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9.00 – 9.45	LC (100%)	MATE (100%)	INGLÉS (100%)	CCSS T. Individual	LG (100%)
9.45 – 10.30	VSC/REL (60-40%)	ARTS (60-40%)	MÚSICA (60-40%)	EF (60-40%)	LG (100%)
10.30 – 11.15	CCNN (100%)	INGLÉS (100%)	MATE (100%)	LG (60-40%)	CCNN (60-40%)
11.15 -11.40	H DE LER	H DE LER	H DE LER	H DE LER	H DE LER
11.40 – 12.05	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO
12.05 – 12.30	T. Individual	T. Individual	T. Individual	T. Individual	T. Individual
12.30 – 13.15	LG (60-40%)	CCSS (100%)	LC (100%)	MATE (60-40%)	CCSS (100%)
13.15 – 14.00	EF (60-40%)	LC (T. Individual)	LC (T. Individual)	INGLÉS (T. Individual)	MATE (T. Individual)
16.30 – 17.30		Titoría			

### HORARIO DA TITORA: Mar Brey Taboada (3º B)

HORA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9.00 – 9.45	MATE (100%)	MATE (T. Individual)	MATE (100%)	LC (100%)	ING (100%)
9.45 – 10.30	ING (100%)	MÚS (60-40%)	LC (100%)	REL/VSC (60-40%)	LG (100%)
10.30 – 11.15	CCSS (100%)	ARTS (60-40%)	CCNN (60-40%)	MATE (60-40%)	CCNN (60-40%)
11.15 -11.40	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO
11.40 – 12.05	H DE LER	H DE LER	H DE LER	H DE LER	H DE LER
12.05 – 12.30	T. Individual	T. Individual	T. Individual	T. Individual	T. Individual
12.30 – 13.15	CCSS (100%)	LC (100%)	ING (T. Individual)	EF (60-40%)	EF (60-40%)
13.15 – 14.00	LG (60-40%)	CCNN (60-40%)	CCSS (T. Individual)	LG (T. Individual)	CCSS (T. Individual)
16.30 – 17.30		Titoría			

### HORARIO DA TITORA: Purificación Vázquez Sexto (4º A)

HORA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9.00 – 9.45	MATE (60-40%)	MATE (60-40%)	MATE (60-40%)	INGLÉS (T. Individual)	MATE (60-40%)
9.45 – 10.30	LC (60-40%)	LC (60-40%)	E.F (60-40%)	ARTS (60-40%)	INGLÉS (100%)
10.30 – 11.15	LG (60-40%)	VSC (60-40%)	LG (60-40%)	LG (60-40%)	LG (60-40%)
11.15 -11.40	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO
11.40 – 12.05	H DE LER	H DE LER	H DE LER	H DE LER	H DE LER
12.05 – 12.30	T. Individual	T. Individual	T. Individual	T. Individual	T. Individual
12.30 – 13.15	CCNN (60-40%)	MÚSICA (60-40%)	LC (60-40%)	LC (60-40%)	CCSS (60-40%)
13.15 – 14.00	INGLÉS (100%)	E.F (60-40%)	CCSS (60-40%)	CCNN (60-40%)	RE (T.Individual)
16.30 – 17.30		Titoría			

### HORARIO DA TITORA: Alicia Bruzos Pérez (4º B)

HORA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9.00 – 9.45	MATE (60-40%)	INGLÉS (T. Individual)	MATE (60-40%)	Arts (60-40%)	MATE (60-40%)
9.45 – 10.30	LC (60-40%)	EF (60-40%)	CCNN (60-40%)	MATE (60-40%)	LC (60-40%)
10.30 – 11.15	LG (60-40%)	CCSS (60-40%)	INGLÉS (100%)	VSC/REL (60-40%)	LG (60-40%)
11.15 -11.40	H DE LER	H DE LER	H DE LER	H DE LER	H DE LER
11.40 – 12.05	T. Individual	T. Individual	T. Individual	T. Individual	T. Individual
12.05 – 12.30	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO
12.30 – 13.15	INGLÉS (100%)	LC (60-40%)	LC (60-40%)	CCSS (60-40%)	RE (T. Individual)
13.15 – 14.00	MÚSICA (60-40%)	LG (60-40%)	LG (60-40%)	CCNN (60-40%)	EF (60-40%)
16.30 – 17.30		Titoría			

### HORARIO DA TITORA: Celsa Oreiro Bermúdez (5º A)

HORA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9.00 – 9.45	MATE (60-40%)	VSC/REL (60-40%)	INGLÉS (100%)	MATE (60-40%)	MATE (60-40%)
9.45 – 10.30	CCSS (60-40%)	MATE (60-40%)	MATE (60-40%)	LC (60-40%)	LG (60-40%)
10.30 – 11.15	EF (60-40%)	LC (60-40%)	LG (60-40%)	LC (60-40%)	MÚSICA (60-40%)
11.15 -11.40	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO
11.40 – 12.05	H DE LER	H DE LER	H DE LER	H DE LER	H DE LER
12.05 – 12.30	T. Individual	T. Individual	T. Individual	T. Individual	T. Individual
12.30 – 13.15	LG (60-40%)	ARTS (60-40%)	EF (60-40%)	CCNN (60-40%)	LC (60-40%)
13.15 – 14.00	LG (60-40%)	CCNN (60-40%)	CCSS (60-40%)	INGLÉS (100%)	INGLÉS (T. Individual)
16.30 – 17.30		Titoría			

### HORARIO DA TITORA: Juan José Vilas (5º B)

HORA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9.00 – 9.45	EF (60-40%)	LG (60-40%)	MATE (60-40%)	MATE (60-40%)	LC (60-40%)
9.45 – 10.30	CCNN (60-40%)	CCSS (60-40%)	INGLÉS (100%)	LG (60-40%)	VSC (60-40%)
10.30 – 11.15	MÚSICA (60-40%)	MATE (60-40%)	CCNN (60-40%)	LC (60-40%)	T. Individual INGLÉS
11.15 -11.40	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO
11.40 – 12.05	H DE LER	H DE LER	H DE LER	H DE LER	H DE LER
12.05 – 12.30	T. Individual	T. Individual	T. Individual	T. Individual	T. Individual
12.30 – 13.15	MATE (60-40%)	INGLÉS (100%)	LC (60-40%)	CCSS (60-40%)	LG (60-40%)
13.15 – 14.00	LG (60-40%)	ARTS (60-40%)	LG (60-40%)	EF (60-40%)	MATE (60-40%)
16.30 – 17.30		Titoría			

### HORARIO DA TITORA: Ana María Santiso Sánchez (6º A)

HORA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9.00 – 9.45	INGLÉS (100%)	MATE (T. Individual)	MATE (100%)	VSC/REL (60-40%)	MATE (T. Individual)
9.45 – 10.30	EF (60-40%)	LC (100%)	LG (100%)	MATE (100%)	LC (100%)
10.30 – 11.15	ARTS (60-40%)	INGLÉS (T. Individual)	CCSS (T. Individual)	LC (T. Individual)	RE (60-40%)
11.15 -11.40	H DE LER	H DE LER	H DE LER	H DE LER	H DE LER
11.40 – 12.05	T. Individual	T. Individual	T. Individual	T. Individual	T. Individual
12.05 – 12.30	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO
12.30 – 13.15	MATE (100%)	CCNN (100%)	INGLÉS (100%)	LG (100%)	CCNN (100%)
13.15 – 14.00	LG (T. Individual)	CCSS (100%)	EF (60-40%)	CCSS (100%)	MÚSICA (60-40%)
16.30 – 17.30		Titoría			

### HORARIO DA TITORA: Fernando Veito Liñares (6º B)

HORA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9.00 – 9.45	VSC/REL (60-40%)	CCSS (60-40%)	MATE (100%)	MATE (100%)	EF (60-40%)
9.45 – 10.30	ARTS (60-40%)	ING (100%)	RE (100%)	MÚS (60-40%)	LG (T. Individual)
10.30 – 11.15	LC (100%)	EF (100%)	CCNN (60-40%)	LG (100%)	LC (100%)
11.15 -11.40	H DE LER	H DE LER	H DE LER	H DE LER	H DE LER
11.40 – 12.05	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO
12.05 – 12.30	T. Individual	T. Individual	T. Individual	T. Individual	T. Individual
12.30 – 13.15	LG (100%)	MATE (100%)	CCSS (60-40%)	ING (100%)	ING (T. Individual)
13.15 – 14.00	MATE (T. Individual)	CCNN (60-40%)	LC (T. Individual)	MATE (T. Individual)	CCSS (100%)
16.30 – 17.30		Titoría			

### HORARIO DA TITORA: Ana Isabel Peinó González (6º C)

HORA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9.00 – 9.45	ARTS (60-40%)	EF (60-40%)	MATE (T. Individual)	LG (100%)	MATE (T. Individual)
9.45 – 10.30	INGLÉS (100%)	MATE (100%)	CCSS (100%)	RE (100%)	EF (60-40%)
10.30 – 11.15	LG (T. Individual)	LG (100%)	VSC/REL (60-40%)	INGLÉS (100%)	LC (100%)
11.15 -11.40	H DE LER	H DE LER	H DE LER	H DE LER	H DE LER
11.40 – 12.05	T. Individual	T. Individual	T. Individual	T. Individual	T. Individual
12.05 – 12.30	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO
12.30 – 13.15	MATE (100%)	LG (100%)	LC (T. Individual)	MATE (100%)	MÚSICA (60-40%)
13.15 – 14.00	CCSS (100%)	CCNN (100%)	INGLÉS (T. Individual)	CCNN (100%)	CCSS (T. Individual)
16.30 – 17.30		Titoría			

Lenda:

	Traballo Individual
	Conexión 60% e 40%Traballo Individual
	Conexión o 100% do tempo
	Recreo / Hora de ler
	Titoría